



CORUÑA
PRÓXIMA



Concello da Coruña

PROGRAMAS DO CONCELLO DA CORUÑA PARA PERSOAS MOZAS INSCRITAS EN GARANTÍA XUVENIL

O **Concello da Coruña** deseñou dous proxectos de capacitación profesional para a mocidade da cidade, dirixidos a persoas mozas inscritas en Garantía Xuvenil:

- **CORUÑA EMPREGO XOVE:**
 - Destinado a persoas novas de entre 16 e 29 anos non ocupadas e que non estean integradas nos sistemas de educación nin formación.
- **ELAS MAIS:**
 - Destinado a mulleres de entre 16 e 29 anos non ocupadas e que non estean integradas nos sistemas de educación nin formación

CONTIDO: ITINERARIOS INTEGRADOS DE INSERCIÓN

Os Itinerarios Integrados de Inserción laboral perseguen mellorar a empregabilidade das persoas. Os Itinerarios Integrados supoñen o compromiso e a participación nun proceso de orientación - formación - inserción cunha duración estimada de entre 6 e 9 meses. Para iso, trabállase na adquisición de competencias profesionais e habilidades que faciliten o acceso e a mobilidade no mercado de traballo:

- **Orientación laboral.** Grupal e individualizada, durante todo o proceso de inserción, traballando as áreas: relacional, motivacional, formativa, actitudinal, aptitudinal e as ferramentas de procura activa de emprego.
- **Formación específica.** Deseño do Plan Personalizado de Formación destinado á adquisición de competencias técnico-profesionais de base necesarias para unha ocupación ou oficio determinado.
 - Impartirase formación específica naqueles sectores nos que existe demanda laboral: actividade comercial, hostalería e actividades auxiliares.
 - A formación específica conta cunha serie de módulos de formación transversal obrigatoria cos que se persegue: fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación e adquirir coñecementos en idiomas.
 - Espazo de Emprego Xove. Neste espazo levaranse a cabo accións de formación complementarias nas seguintes materias: módulos de orientación e motivación para a procura de emprego, formación de apoio para a obtención do graduado en ESO, módulos de formación en competencias clave, seminarios de emprendemento e economía social, módulos de preparación de entrevista profesional.
- **Prácticas profesionais** titorizadas en empresa.
- **Intermediación laboral.**

PRAZO: programas abertos durante o ano 2018.

CONTACTO:

Centro Municipal de Emprego "Los Rosales"

Estrada dos Fortes, 16, A Coruña

Tel.: 981 184 399

emplegoxoven@coruna.es

www.coruna.gal/empleo



Centro Municipal de Información Xuvenil
Río Monelos, 1. 15006 - A Coruña

981 184 294 cmix@coruna.es www.coruna.gal/cmixon